

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e sete de novembro de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventor don José Mosquera Casero. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Momentos antes do inicio da sesión, os portavoces do Grupo Socialista e do Grupo do BNG achegáronse á mesa da Presidencia para manifestar a súa protesta porque os servizos de seguridade do Pazo Provincial non lles están permitindo o acceso ao salón de plenos a diversas persoas que desexan asistir. O portavoz do Grupo Socialista manifesta que se a escusa para isto é o aforo, na sesión constitutiva deste mandato o dito aforo non se respectou. Os sinalados portavoces diríxense nese momento ao Sr. secretario da Corporación, o cal manifesta que as decisións sobre policía de orde pública nas sesións son competencia discrecional da Presidencia.

O Sr. presidente manifesta que os señores deputados están convocados para a celebración da sesión e que se vai dar inicio a esta.

Acto seguido, os portavoces do Grupo Socialista e do BNG abandonan o salón de sesións, no que non se atopaba presente ningún deputado dos indicados grupos, dándose inicio á sesión coa presenza dos deputados do Grupo Popular e de Democracia Ouresana.

Unha vez iniciado o Pleno, e durante o seu transcurso, producíronse as seguintes incidencias:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

Os deputados de Democracia Ourensana abandonaron o salón de sesións antes da votación do primeiro punto da orde do día, tras utilizar a súa intervención neste punto para expresar o seu desacordo coa decisión do presidente de limitar o acceso no salón de plenos.

Durante o tratamento do punto quinto da orde do día, entraron no salón de sesións os deputados do Grupo Socialista, de Democracia Ourensana e do BNG.

O deputado do BNG abandonou o salón de sesións nese mesmo punto, tras utilizar a súa quenda de intervención para expoñer o seu desacordo coa decisión do presidente de limitar o acceso do salón, xustificando o abandono da sesión por este motivo.

Os deputados do Grupo Socialista abandonaron o salón de sesións cando se trataba o punto sexto da orde do día, tras facer uso do seu dereito para unha intervención na que manifestan a súa desconformidade coa actitude do presidente (ao igual que fixeran na intervención do punto quinto) e anuncian que abandonan a sesión por ese motivo, así como a súa intención de poñer unha denuncia en relación cos feitos acaecidos. No momento do abandonar o salón de sesións produciuse un incidente entre o portavoz do Grupo Socialista e dúas persoas que se atopaban sentados entre o público, acudindo o citado portavoz á mesa da Presidencia para manifestar que fora insultado por unha persoa do público, indicándolle o presidente que faga o que teña que facer.

O portavoz de Democracia Ourensana aproxímase tamén á mesa da Presidencia para indicar que o sucedido é un delito e que o presidente ten a obrigaón de identificar ao responsable. O Sr. presidente replícalle que non lle diga o que ten que facer e anuncia o inicio do tratamento do punto sétimo da orde do día, ordenándolle ao Sr. secretario que proceda á lectura do ditame da comisión.

Os deputados do Grupo Socialista que se achegaron á Presidencia durante este tempo, uníndose ao seu portavoz, manteñen durante un breve tempo unha discusión co presidente, abandonando o salón a continuación.

Os deputados de Democracia Ourensana abandonaron o salón de sesións no punto sétimo, tras realizar unha intervención explicando o motivo do dito abandono, entregándolle ao Sr. secretario un documento coa súa intención de voto nos puntos da orde do día, do xeito que se reflicte a continuación: orde do día; voto:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

- 1.- Actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 29 de outubro e á extraordinaria do día 3 de novembro de 2015; a favor.
- 2.- Cambio de data da sesión ordinaria do mes de decembro de 2015; a favor.
- 3.- Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais; a favor.
- 4.- Adhesión dos concellos de Cartelle e Parada de Sil ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais; abstención.
- 5.- Expediente de modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2015, n.º 6/2015; abstención.
- 6.- Expediente de modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2015 e modificación por baixa por anulación e suplemento de crédito n.º 7/2015; abstención.
- 7.- Bases reguladoras do programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais durante o exercicio 2016; abstención.
- 8.- Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2015, relativa ao concello de Pontedeva; abstención.
- 9.- Aprobación definitiva da modificación dos estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras para a súa adaptación á Lei de racionalización e sostibilidade da administración local; abstención.
- 10.- Moción do Grupo Socialista para pedir a derogación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, ou, no seu defecto, a devolución ás entidades locais das competencias en materia de prestación de servizos sociais e promoción e reinserción social; a favor.
- 11.- Moción de Democracia Ourensana sobre a recuperación e mantemento, no mellor estado posible, dos camiños de carro da provincia de Ourense; a favor.
Emenda PSOE: en contra.

O deputado do Grupo Popular don José Antonio Feijóo Alonso, incorporouse á sesión cando se trataba o punto sétimo da orde do día, estando ausente nos puntos precedentes.

As intervencións ás que se refiren os feitos indicados están dispoñibles nos puntos correspondentes da vídeo acta da sesión, na que se integra a gravación audiovisual dos feitos ocorridos.

O tratamento dos asuntos incluídos na orde do día desenvolveuse do xeito que se reflicte a continuación e está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: <http://videoacta.depourense.es>

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE OUTUBRO E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2015.

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 29 de outubro de 2015 e á extraordinaria do día 3 de novembro de 2015.

A continuación, prodúcese as intervencións que se recollen no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro](#)

Non se producen máis intervencións, resultando o seguinte:

- Acta do 29 de outubro de 2015: apróbase co voto favorable dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (13).
- Acta do 3 de novembro de 2015: estando só presentes os deputados do Grupo Popular (13) que se absteñen, non se aproba a dita acta, polo que terá que ser sometida á aprobación do vindeiro Pleno.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2015.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (13), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Modificar a data de celebración das comisións informativas e do Pleno ordinario correspondentes ao mes de decembro de 2015, fixándose as seguintes.

- Comisións informativas de Transparencia e Administración Provincial; Especial de Contas, Facenda e Economía e Cooperación Infraestruturas e Medio Rural: día 21 de decembro de 2015, luns, a partir das 17.00 horas.
- Comisións informativas de Igualdade, Benestar e Emprego; Termalismo, Turismo e Medio Ambiente e Cultura, Deportes e Mocidade: día 22 de decembro, martes, a partir das 17.00 horas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

- Pleno ordinario: día 29 de decembro, martes, ás 10.00 horas.

3º.- CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (13), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais, para o período 2016-2019, co seguinte contido:

1º) Obxecto.-

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento do marco regulador da cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia en materia de inspección dos tributos municipais, consistente na prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos ditos tributos.

2º) Contido da delegación das competencias municipais de inspección tributaria na Deputación. Ámbito funcional, territorial e temporal.

En virtude do presente convenio, os concellos adheridos delegan na Deputación Provincial o exercicio das competencias de inspección de tributos, nos seguintes termos:

a) Ámbito funcional:

a.1) Os concellos adheridos delegarán na Deputación Provincial o exercicio de todas as funcións que integran a inspección tributaria, conforme coa lexislación vixente, para a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

totalidade dos tributos municipais, agás aqueles que expresamente se exceptúen polo concello no acordo de adhesión.

Exceptúanse do ámbito da delegación as contribucións especiais e as taxas que se perciban pola prestación de servizos, nos supostos en que o pagamento das ditas taxas se realice con carácter previo á prestación dos servizos que orixina a súa devindicación.

a.2) Os concellos adheridos poderán ademais autorizar á Deputación Provincial a solicitar dos órganos competentes da Administración tributaria do Estado a delegación do exercicio da competencia de inspección do imposto de actividades económicas, ao abeiro do establecido no artigo 91.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

b) **Ámbito territorial:**

As delegacións conferidas en virtude do presente convenio marco referiranse aos tributos devindicados nos termos municipais dos concellos delegantes. Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 7.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Deputación Provincial poderá exercer tales facultades delegadas en toda a provincia, cinguíndose, en todo caso e exclusivamente, aos tributos delegados dos concellos adheridos.

c) **Ámbito temporal:**

As delegacións conferidas en virtude do presente convenio marco terán efecto a partir da adhesión e ata o 31 de decembro de 2019.

3º) Modo de exercicio das competencias delegadas.

1. O exercicio das facultades de inspección tributaria delegadas por parte da Deputación axustarase aos procedementos, trámites e medidas en xeral, xurídicas ou técnicas, relativas á xestión tributaria que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e, supletoriamente, ás que prevé a Lei xeral tributaria.

2. Os actos de xestión que se realicen no exercicio da delegación serán impugnables consonte co procedemento que corresponda para a revisión dos actos administrativos da Deputación Provincial, e, en último termo, ante a xurisdición contencioso – administrativa, conforme coa normativa vixente.

3. As facultades delegadas serán exercidas polo órgano da Deputación Provincial que proceda conforme coas normas de distribución de atribucións propias da Deputación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

4. A inspección delegada dos tributos municipais levarase a cabo por xestión directa, encomendándose ao Servizo Provincial de Recadación e Xestión Tributaria, dependente da Área de Tesourería. Para tal efecto, a relación de postos de traballo da Deputación precisará as unidades administrativas e postos de traballo que asumirán a realización de funcións inspectoras, particularmente aquelas que impliquen exercicio de autoridade.

5. Non obstante o anterior, a Deputación Provincial poderá concertar con empresas especializadas, mediante contratos de servizos, a realización de traballos materiais de colaboración para o desenvolvemento das funcións inspectoras.

4º) Réxime económico da delegación

En contraprestación pola prestación delegada do servizo de inspección, a Deputación Provincial percibirá a taxa establecida na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 210, do 12 de setembro de 2014).

A Deputación Provincial resérvase en todo caso a potestade de modificar a dita ordenanza, sen prexuízo da facultade recoñecida aos concellos na cláusula oitava do convenio, para proceder á súa extinción anticipada.

5º) Procedemento de adhesión ao convenio marco

1. Para a adhesión ao convenio marco, os concellos interesados deberán remitir o correspondente certificado do acordo de adhesión, conforme co modelo recollido no anexo I, mediante acordo adoptado polo Pleno municipal co quórum esixido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. No acordo de adhesión, os concellos especificarán, se é o caso, os tributos cuxa inspección se exceptúa expresamente da delegación (entendéndose, no caso contrario, que se delega para todos os tributos a que se refire o presente convenio). Deberá igualmente recollerse a autorización expresa da Deputación para a solicitude á Administración do Estado da delegación das competencias de inspección do IAE, agás no caso dos concellos que teñan delegada na Deputación a xestión tributaria e recadación do dito imposto, suposto no que non será necesaria tal autorización.

2. Os acordos de adhesión ao convenio terán eficacia no prazo de 15 días hábiles contados a partir da súa entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial. A aceptación da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

delegación de competencias entenderase automaticamente concedida sempre que os acordos de adhesión se axusten ao establecido no convenio.

Nos supostos en que se advirta que o acordo de adhesión non se axuste ás condicións do convenio marco, a Presidencia comunicarlles esta circunstancia aos concellos, co obxecto de que procedan a emendar as deficiencias advertidas.

3. Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación aprobarase a lista de adhesións ao convenio marco, a medida que estas se vaian producindo, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos previstos no artigo 7.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

6º) Control do exercicio da delegación por parte dos concellos.-

Os concellos delegantes poderán realizar un control e seguimento do exercicio da delegación conferida mediante a solicitude de información detallada, en calquera momento, das actuacións inspectoras realizadas.

Sen prexuízo do anterior, e con carácter anual, a Deputación remitiralles aos concellos adheridos un informe das actuacións previstas, no que se sinalarán as principais incidencias detectadas e unha previsión das actuacións que se levarán a cabo no exercicio seguinte.

Os concellos poderán ademais formular as suxestións, queixas ou reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser contestadas por escrito pola Deputación Provincial no prazo máximo dun mes.

7º) Vixencia do convenio

O presente convenio estará vixente dende o 1 de xaneiro de 2016 e ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga, mediante acordo expreso das partes adheridas, e da posibilidade da súa extinción anticipada nos termos previstos na cláusula seguinte.

8º) Extinción do convenio

O presente convenio poderá extinguirse, ademais de polo vencemento do seu prazo de vixencia, por denuncia unilateral dunha das partes por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Neste último caso, a entidade interesada comunicará, cunha antelación mínima de tres meses á súa data de efectividade, a súa decisión de resolver o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

convenio, que será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.

O convenio poderá extinguirse por resolución unilateral dos concellos en caso de modificación da Ordenanza fiscal a que se refire a cláusula cuarta, comunicándollo á Deputación Provincial no prazo máximo de 4 meses desde a entrada en vigor da modificación da que se trate. En caso de que no prazo citado os concellos non procedan á resolución unilateral do convenio entenderase que prestan a súa conformidade coa dita modificación.

A liquidación dos convenios resoltos anticipadamente corresponderá, en todo caso, á Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada trala audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.

A liquidación comprenderá, se é o caso, a totalidade dos danos e perdas causados polo incumprimento das obrigas convencionais que xustifiquen a resolución anticipada do convenio.

9º) Natureza e réxime xurídico.-

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

Anexo I: Modelo da parte dispositiva do acordo de adhesión ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais.

1º) Aprobar a adhesión do concello de ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais.

2º) Delegar na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias municipais de inspección de tributos, nos termos previstos no dito convenio.

Exceptúanse da dita delegación os seguintes tributos : (indíquense os que procedan)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

3º) Autorizar á Deputación Provincial de Ourense a solicitar dos órganos competentes da Administración do Estado a delegación do exercicio das competencias de inspección do imposto de actividades económicas, durante o período de vixencia do convenio marco.

2º.- Comunicarlles a adopción deste acordo a todos os concellos da provincia, para os efectos de que se o desexan poidan adherirse ao dito convenio.

4º.- ADHESIÓN DOS CONCELLOS DE CARTELLE E PARADA DE SIL E AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS.

O Sr. presidente anuncia que presentou unha emenda de adición ao ditame da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, no sentido de incluír tamén no acordo de adhesión ao Concello da Veiga.

Non se producen intervencións, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (13), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a adhesión ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais, dos concellos de Cartelle, Parada de Sil e A Veiga.

Os concellos de Cartelle, Parada de Sil e A Veiga delegan na Deputación o exercicio de todas as funcións que integran a inspección tributaria conforme coa lexislación vixente para a totalidade dos tributos municipais, excluídas unicamente as contribucións especiais e as taxas que se perciban pola prestación de servizos cuxo pagamento sexa previo á prestación dos servizos que orixinan a súa devindicación.

O ditos concellos autorizan, ademais, á Deputación Provincial para solicitar dos órganos competentes da Administración do Estado a delegación do exercicio da competencia de inspección do Imposto de Actividades Económicas, durante o período de vixencia do convenio marco.

2º.- Ordenar a publicación destas adhesións no BOP.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2015, N.º 6/2015.-

O Sr. interventor accidental expón o contido do ditame da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13) e a abstención dos deputados presentes na sesión do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Montederramo para Obras complementarias na Residencia Centro de Día de Montederramo por importe de 75.000,00 euros. En base ao escrito remitido polo Concello en data 13/11/2015, sería conveniente o cambio de finalidade da dita subvención debido á existencia doutra obra de maior prioridade:

- 450.12/762.01. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Montederramo	- Mellora do firme da estrada OU-CV 102 a Mogainza	50.000,00
	- Mellora do firme en varios núcleos rurais	25.000,00

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2015 E MODIFICACIÓN POR BAIXA POR ANULACIÓN E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, N.º 7/2015.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

O Sr. interventor accidental expón o contido do ditame da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/762.01 “A Concellos nominativas. Promoción e fomento do deporte”, previase unha subvención ao Concello de Boborás para “piscina municipal”. En base ao escrito remitido polo Concello de Boborás en data 18/11/2015, sería conveniente o cambio de finalidade da dita subvención debido á existencia de outra obra de maior prioridade:

- 450.12/762.01. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Boborás	Mellora da rede viaria municipal	35.250,00 €

2º.- Como consecuencia da modificación anterior é necesario aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 341.11/762.01 “A Concellos nominativas. Promoción e fomento do deporte” así como un suplemento de crédito na aplicación 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAIS DURANTE O EXERCICIO 2016.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais durante o exercicio 2016, co seguinte contido:

Primeira.- Obxecto:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións a concellos e mancomunidades da provincia de Ourense para o financiamento da prestación de servizos de limpeza da rede viaria local durante un período mínimo de tres meses (que en todo caso deberá comprender as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na cláusula sétima, apartado b).

Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

Nos supostos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.

A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza da rede viaria municipal (servizo que se considera incluído no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación aqueles concellos de menos de 20.000 habitantes e mancomunidades que cumpran os seguintes requisitos:

a) Prestar o servizo de limpeza da rede viaria, cunha máquina rozadora con brazo articulado, destinada á realización de traballos de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial, durante, polo menos, o período mínimo do ano 2016 sinalado na cláusula primeira.

b) Adherirse ao presente Programa de Cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na cláusula quinta.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 163.11/462.00 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2016, por importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €).

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2016 de 4.500,00 € como máximo, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá na contía correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.

Quinta.- Adhesión ao programa:

Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que aprobe a dita adhesión, a cal deberá serlle notificada á Deputación Provincial como data límite o día 1 de marzo de 2016. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I a estas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución.

Así mesmo, deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes, procederá a autorizar a adhesión do concello ou mancomunidade mediante decreto da Presidencia, no que conceda a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.

Non obstante o anterior, a Presidencia poderá, xa con anterioridade ao 1 de marzo, autorizar a adhesión das solicitudes correctamente presentadas que se vaian recibindo, pola súa orde cronolóxica de recepción no Rexistro Xeral da Deputación, sempre e cando as adhesións autorizadas non excedan do 70 % do crédito orzamentario destinado a este programa.

No suposto en que o número de solicitudes exceda as disponibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursoas en deficiencias formais.

No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 30 de xuño de 2016 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.

Nestes casos, a Presidencia establecerá, na mesma resolución de concesión, as obrigas concretas de limpeza de vías provinciais que correspondan ás novas subvencións concedidas.

Sexta.- Publicidade das adhesións:

Unha vez concluído o proceso de adhesións, procederá á publicación no Boletín Oficial da Provincia do listado de subvencións outorgadas ao abeiro do presente programa, con expresión das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:

a) A prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base primeira, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.

b) A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión. Excepcionalmente, a petición do concello interesado, a Presidencia poderá reducir o número de quilómetros que é obrigatorio limpar, nos supostos en que, ao situarse o tramo obxecto de limpeza en todo ou parte fóra do termo municipal, o cumprimento da dita obrigación supoña un sobrecusto excesivo para a entidade beneficiaria.

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, a través do fax número 988 317 802.

- Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial.

- A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza, duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

- Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará unha reportaxe fotográfica, e na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.

Oitava.- Xustificación e pago da subvención:

A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

1. Certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:

a) Que o servizo de limpeza viaria prestouse efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2016 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.

b) Se o servizo se prestou por xestión directa, indicárase a identidade do empregado público designado para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.

c) Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicárase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.

d) Relación dos custes directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.

e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

Non se considerará xustificada a subvención sen un informe favorable, emitido de oficio polo Servizo de Vías e Obras, no que conste a realización da limpeza das vías provinciais nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

A xustificación deberá realizarse ante esta Deputación antes do 31 de outubro de 2016, unha vez rematadas as actuacións obxecto de subvención.

A Presidencia declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada pola entidade local beneficiaria.

Non obstante, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, previa a solicitude da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP n.º 285, do 13 de decembro de 2013), modificada pola Corporación Provincial, en sesión de 25 de setembro de 2015 (BOP n.º 226, do 1 de outubro de 2015).

Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % dos custos salariais e de Seguridade Social soportados pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

En consecuencia, estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

Declárase expresamente que esta liña de axudas será a única vía pola que esta Deputación Provincial exercerá a súa competencia no eido da cooperación cos concellos na limpeza da rede viaria local.

Décima.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito ao cobro da subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade.

Nos supostos en que na inspección do Servizo de Vías e Obras prevista na cláusula sétima, apartado b), parágrafo último, se detectara un incumprimento das condicións da subvención que dea lugar á obriga de reintegro ou que sexa causa de perda da subvención, a Deputación Provincial procederá, de oficio, á iniciación do expediente correspondente, sen necesidade de esperar a que se presente a xustificación pola entidade beneficiaria.

En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo. Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Presidencia ditará a resolución que corresponda.

Undécima.- Normas supletorias:

En todo o non disposto expresamente nestas bases, seralle de aplicación ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**ANEXO I
MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE
COOPERACIÓN**

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2016, e en uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1º.- Aprobar a adhesión do Concello/ da Mancomunidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2016.

2º.- Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden do programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º.- Declarar que o Concello/a Mancomunidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20
Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

**ANEXO II
DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona _____,
alcalde do Concello/presidente Mancomunidade de _____, con
CIF _____, **DECLARA**

- Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.
- Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

--	--	--	--

*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.
No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, ____ de _____ de 20
Asdo.: _____

2º.- De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2015, RELATIVA AO CONCELLO DE PONTEDEVA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (14), do Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acordar a modificación da obra 70/POS/2015 coa denominación “Construción de vivendas sociais en Trado, 1ª fase”, correspondente ao Concello de Pontedevea, minorando en 10.000,00 euros o orzamento consignado para a execución da dita actuación, quedando fixado este no importe de 60.000,00 €.

9º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Rural.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado definitivamente a modificación dos Estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras, consistente en darlles nova redacción aos artigos que se indican a continuación, co seguinte contido:

Artigo 3º.-

O Consorcio de Augas de Valdeorras é unha entidade local de natureza institucional e base asociativa, adscrita á Deputación Provincial de Ourense para os efectos do establecido na Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

En virtude da dita adscrición, e sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o Consorcio queda suxeito ao réxime orzamentario, contable e de control da Deputación Provincial de Ourense. O orzamento e a conta xeral do Consorcio formarán parte, respectivamente, dos orzamentos xerais e da conta xeral da Deputación Provincial.

O réxime orgánico, funcional e financeiro do Consorcio será o determinado nos presentes estatutos e na lexislación de réxime local que resulte de aplicación, directa ou subsidiariamente, a este tipo de entidades.

Artigo 4º.-

1. O Consorcio de Augas de Valdeorras terá como obxecto principal a ordenación e xestión, por delegación dos concellos que o integran, dun servizo intermunicipal de depuración de augas residuais, que comprenderá o exercicio de tódalas competencias municipais na materia para a totalidade dos termos municipais de referencia.

Para estes efectos, o ámbito material do servizo abarcará a depuración de tódalas augas residuais que se vertan ás actuais infraestruturas municipais de depuración a través das correspondentes redes públicas de saneamento, así como a depuración das augas residuais que se reciban nas fosas sépticas de titularidade municipal, así como a depuración das augas residuais que se xestionen a través das infraestruturas que, no exercicio das competencias delegadas, poida crea-lo Consorcio no futuro.

Entenderanse comprendidas, no ámbito funcional da delegación, ademais da totalidade das competencias de ordenación e xestión dos servizos municipais de depuración de residuais, as competencias municipais que a lexislación vixente lles atribúa en materia de policía de vertidos de augas ás infraestruturas de depuración, incluíndo o exercicio de tódalas facultades de vixilancia, inspección e control, o exercicio de accións administrativas de reposición da legalidade e o exercicio da potestade sancionadora.

O ámbito funcional da delegación non abrangue as competencias para a planificación e realización de investimentos consistentes na creación de novas infraestruturas ou na reforma, ampliación ou reposición das existentes, cinguíndose o ámbito da delegación ás obras de conservación e mantemento e a pequenas reparacións, entendendo por tales aquelas que non teñan carácter estrutural. Sen prexuízo do anterior, as entidades consorciadas poderán delegar o exercicio das ditas competencias no Consorcio, mediante

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

os correspondentes acordos de delegación, nos que se incluírán as previsións que sexan precisas en canto ó financiamento dos investimentos.

Non obstante o anterior, o Consorcio poderá, coa conformidade dos concellos interesados, formular plans de investimentos e presentalos ante outras administracións públicas ou ante a Unión Europea para a captación de financiamento, así como, no seu caso, executar os ditos plans

As competencias de xestión tributaria e recadación das taxas do servizo de depuración terán carácter de competencias propias do Consorcio.

A delegación das competencias municipais de ordenación e xestión da depuración de augas residuais e de policía administrativa en materia de vertidos de augas residuais, dentro dos límites do ámbito funcional sinalado, enténdese conferida en virtude da aprobación dos presentes estatutos, podendo ser revogada unicamente a través dos seguintes actos:

a) Mediante a separación do Consorcio dos concellos que o integran, que esixirá, para a súa validez e eficacia, a tramitación da correspondente modificación estatutaria.

b) Mediante unha modificación estatutaria co dito obxecto, aínda que non implique a separación de ningún dos concellos consorciados.

2. En virtude da delegación das competencias municipais de depuración de augas residuais, quedarán transferidos ó Consorcio os medios materiais actualmente adscritos ós servizos municipais existentes.

A efectividade do dito traspaso producirase na data de constitución do Consorcio, quedando os bens de dominio público municipal adscritos de modo automático ó Consorcio, sen prexuízo da correspondente acta de adscrición, que será asinada polo presidente do Consorcio e polos alcaldes dos concellos consorciados.

3. O Consorcio subrogarase nos contratos administrativos de xestión dos servizos públicos municipais de depuración de augas residuais en vigor na fecha da súa constitución, con efectos da dita data.

4. Complementariamente co obxecto principal sinalado no apartado anterior, o Consorcio poderá asumir por delegación o exercicio de calquera competencia municipal relacionada cos servizos de abastecemento e saneamento, para todos ou algúns dos concellos consorciados, nos termos que sinalen os oportunos acordos de delegación. Igualmente, poderá asumir encomendas de xestión dos concellos consorciados para a realización de calquera actuación de carácter material relacionada cos ditos servizos.

Así mesmo, o Consorcio poderá asumir a delegación de competencias e as encomendas de xestión que, en materias relacionadas cos servizos do ciclo hidráulico, lle confiran a Xunta de Galicia, Augas de Galicia ou a Deputación Provincial de Ourense.

5. O control do exercicio das competencias municipais delegadas e, se é o caso, das encomendas de xestión conferidas, exercerase polos concellos mediante a súa participación nos órganos de goberno do Consorcio, nos termos previstos nos presentes estatutos.

6. Os actos e acordos ditados polos órganos do Consorcio no exercicio das competencias delegadas ou para a realización das encomendas de xestión conferidas serán executivos e executorios, conforme co disposto na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

7. Para o cumprimento dos seus fins, e no ámbito definido no apartado 1 do presente artigo, o Consorcio gozará das potestades administrativas recollidas no artigo 6 da Lei de administración local de Galicia, coas particularidades recollidas no artigo 6.2 da dita lei.

8. O Consorcio poderá exercer-la iniciativa pública para o exercicio de actividades económicas relacionadas cos servizos municipais relativos ó ciclo hidráulico, trala súa autorización previa pola Asemblea do Consorcio conforme cos trámites previstos na lexislación de réxime local, e sempre que o exercicio das ditas actividades contribúa á satisfacción de fins de interese xeral no ámbito funcional do Consorcio ou a un mellor financiamento dos servizos consorciados.

Artigo 6º.-

1. O Consorcio de Augas de Valdeorras está integrado polos seguintes órganos de goberno:

- a) A Asemblea
- b) A Comisión Executiva
- c) A presidencia.
- d) A Comisión Especial de Contas prevista na lexislación reguladora das facendas locais.

2. A Asemblea poderá crear órganos complementarios dos anteriores, con funcións de informe, consulta ou seguimento.

Artigo 7º.-

1. A asemblea estará integrada polos alcaldes dos concellos consorciados, o presidente da Deputación Provincial de Ourense e o presidente de Augas de Galicia. Todos eles, poderán delega-la súa representación conforme coa normativa aplicable en cada caso.

Cada concello disporá dun voto na Asemblea, que será emitido polo seu representante.

O representante de Augas de Galicia e o representante da Deputación Provincial de Ourense disporán, cada un deles, dun número de votos equivalente ó número de concellos consorciados, debendo, en todo caso, emitir de forma unitaria o dito voto ponderado.

En ningún caso se admitirá a delegación do voto entre os representantes de distintas entidades consorciadas.

2. A Asemblea rexerase, en canto ás súas normas de funcionamento, polo disposto nos presentes estatutos e nos acordos que adopte a propia Asemblea ó respecto e, supletoriamente, polo establecido na lexislación de réxime local para o pleno dos concellos.

3. A primeira sesión constitutiva da Asemblea celebrarase no prazo dun mes desde da publicación dos estatutos no Diario Oficial de Galicia. Unha vez constituído o Consorcio, celebrará sesión constitutiva para cada novo mandato municipal, no prazo dun mes desde a renovación da deputación e de tódolos concellos consorciados. As sesións ordinarias terán lugar cada seis meses, sen prexuízo da posibilidade de celebrar sesións extraordinarias ou extraordinarias urxentes nos mesmos supostos previstos na lexislación de réxime local para o pleno dos concellos.

4. A Comisión Executiva estará integrada por un número impar de membros, incluído o seu presidente. O número de integrantes da Comisión determinarase por acordo da Asemblea na sesión constitutiva ó inicio de cada mandato, cun mínimo de tres e un máximo de sete. Presidiraa o presidente do Consorcio. O resto de membros da Comisión serán designados pola Asemblea de entre os seus membros na mesma sesión constitutiva, mediante acordo adoptado por maioría absoluta en primeira votación e simple na segunda. A Comisión

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

rexerese, en canto ás súas normas de funcionamento, polo disposto nos presentes estatutos e nos acordos que a Asemblea poida adoptar ó respecto, e supletoriamente polo establecido na lexislación de réxime local para a xunta de goberno. En todo caso, deberá celebrar sesión ordinaria cunha periodicidade mínima bimensual.

A destitución dos vocais da Comisión Executiva levarase a efecto polos trámites establecidos na lexislación de réxime electoral para a moción de censura dos alcaldes.

5. A Comisión Especial de Contas estará integrada por tres membros, incluído o seu presidente. A presidencia da Comisión corresponderalle ó presidente do Consorcio. O resto dos seus membros serán designados pola Asemblea en cada sesión constitutiva, mediante acordo adoptado por maioría absoluta en primeira votación e simple na segunda. A Comisión rexerese, en canto á súas normas de funcionamento, polo disposto nos presentes estatutos e nos acordos que a Asemblea poida adoptar ó respecto, e supletoriamente polo establecido na lexislación de réxime local para as comisións informativas. As súas atribucións serán as previstas na lexislación reguladora das facendas locais.

6. A presidencia do Consorcio corresponderá ó presidente da Deputación de Ourense, que poderá delegar o exercicio desta competencia conforme á normativa de réxime local.

Artigo 8º

1. Correspóndenlle á Asemblea as seguintes atribucións:

- a) O control e fiscalización do resto de órganos de goberno do consorcio.*
- b) A aprobación de toda clase de ordenanzas e disposicións de carácter xeral.*
- c) A aceptación das delegacións de competencias doutras administracións públicas.*
- d) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos e a aprobación das contas.*
- e) A creación e supresión dos servizos públicos, así como a modificación do seu réxime de prestación ou forma de xestión.*
- f) O exercicio da iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades empresariais ou económicas.*
- g) A adquisición de bens e dereitos, o seu alleamento e transacción, salvo cando o seu valor sexa inferior ó 20 % dos recursos ordinarios do último orzamento liquidado.*
- h) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.*
- i) A aprobación de plans e programas de investimento cuxo importe exceda do 10 % dos recursos ordinarios do último orzamento liquidado.*
- j) A contratación de carácter público e privado do Consorcio, cando os contratos teñan un importe superior ó 20 % dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado, ou a súa duración exceda de catro anos.*
- k) O recoñecemento extraxudicial de créditos, cando non exista dotación orzamentaria; a subscripción de operacións de crédito e a aprobación de acordos de quita e espera.*
- l) A aprobación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo.*
- m) O exercicio de accións administrativas e xudiciais en materias da súa competencia.*
- n) A aprobación inicial de calquera modificacións dos estatutos.*
- o) A aprobación inicial da disolución do Consorcio.*
- p) A elección e destitución dos membros da Comisión Executiva.*

2. Mediante acordo adoptado por maioría absoluta, a Asemblea poderá delegar na Comisión Executiva o exercicio das competencias recollidas nas letras g), h), i) e j),

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

sempre que o importe dos actos e contratos a que se refira a delegación non exceda do 30% dos ingresos ordinarios liquidados polo Consorcio no último exercicio económico.

Artigo 12º.-

1. O Consorcio poderá contar con persoal propio, nos termos previstos no estatuto básico do empregado público e na lexislación de réxime local.

O réxime xurídico do persoal ao servizo do Consorcio será o mesmo que o do persoal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, e as súas retribucións non poderán exceder ás dos postos equivalentes en aquela.

2. O persoal dos concellos consorciados poderá prestar servizos ó Consorcio con carácter voluntario e con respecto ós requisitos e condicións establecidos na lexislación de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Artigo 14º.-

1. A facenda do Consorcio integrarase polos seguintes recursos económicos:

- a) As taxas e prezos públicos pola prestación de servizos ou realización de actividades en réxime de Dereito público.*
- b) As achegas das entidades consorciadas.*
- c) Os ingresos de dereito privado, entendendo por tales os froitos, rendas e xuros dos bens e dereitos patrimoniais de que sexa titular o Consorcio, así como os ingresos procedentes do seu alleamento, e os ingresos resultantes do exercicio de actividades económicas.*
- d) As herdanzas, legados e doazóns.*
- e) As contribucións especiais que podan establecerse para a execución de obras ou o establecemento, ampliación ou mellora de servizos públicos.*
- f) Subvencións e outros ingresos de dereito público.*
- g) O produto das operacións de crédito*
- h) O produto das multas ou sancións que poida impoñe-lo Consorcio.*
- i) Calquera outro non previsto nestes estatutos, sempre que sexan aplicables conforme coa lexislación vixente.*

2. Seranlles de aplicación ós recursos económicos do Consorcio as normas establecidas na lexislación reguladora das facendas locais para as facendas provinciais.

Artigo 15º.-

1. Con carácter xeral, a xestión do Consorcio procurará como obxectivo o financiamento do servizo intermunicipal de depuración de augas residuais con cargo ás taxas do servizo.

Se é o caso, o déficit de explotación existente será financiado con achegas das entidades consorciadas, nos termos que, anualmente, establezan as bases de execución dos orzamentos do Consorcio.

2. A mesma regra será de aplicación ó financiamento do resto de servizos que poida presta-lo consorcio por delegación dos concellos, debendo por tanto procurarse o seu financiamento con cargo á correspondentes taxas, prezos públicos e, de se-lo caso, contribucións especiais, financiándose o déficit de explotación con achegas das entidades consorciadas nos termos que sinalen os acordos de delegación ou, no seu defecto, as bases de execución do orzamento do Consorcio.

3. No caso de exercicio de funcións ou prestación de servizos que non poidan legalmente ser financiados mediante taxas, prezos públicos ou, se é o caso, contribucións especiais, os gastos correspondentes serán financiados polas entidades consorciadas na proporción que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

establezan os oportunos acordos de delegación ou, no seu defecto, as bases de execución do orzamento do Consorcio.

4. A xestión do Consorcio procurará como obxectivo a redución ó mínimo dos gastos xerais de funcionamento administrativo do Consorcio. Para tal efecto, a Deputación Provincial de Ourense prestará asistencia integral para garanti-lo normal funcionamento burocrático da administración consorcial, sen prexuízo da valoración económica da dita prestación para os efectos de distribución de achegas para os ditos gastos xerais entre as administracións consorciadas, no caso de que fosen necesarias.

A regra anterior non resulta de aplicación á prestación de asistencia provincial específica en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico ou para o exercicio das competencias de xestión tributaria e recadación, así como ao exercicio delegado das ditas funcións pola administración provincial, que estarán suxeitas ás taxas ou prezos públicos que, con carácter xeral, teña establecidas a Deputación Provincial para os ditos servizos.

5. A regulación das achegas das entidades consorciadas nas bases de execución de cada orzamento, cando proceda, acomodarse ás seguintes regras ou criterios xerais.

- As achegas municipais destinadas ó sostemento de gastos xerais do funcionamento do Consorcio poderán alcanzar ata un 33 % dos ditos gastos, debendo cubrirse o resto mediante achegas da Deputación de Ourense e Augas de Galicia. O importe das achegas de cada concello determinarase mediante o emprego de criterios demográficos, orzamentarios ou outros de carácter obxectivo que permitan determina-la capacidade económica de cada municipio. Para o cálculo das achegas que correspondan á Deputación de Ourense, deducirse o valor dos servizos de asistencia que preste ó Consorcio para o seu funcionamento administrativo.

Para estes efectos, consideraranse gastos xerais de funcionamento do Consorcio aqueles que non sexan directamente imputables á prestación dun servizo concreto, senón unicamente ó funcionamento dos órganos de goberno do Consorcio e ás actividades burocráticas de carácter común.

- As achegas para o financiamento de servizos nos que só participen algúns concellos consorciados repartiranse exclusivamente entre estes. A participación de Augas de Galicia ou a Deputación de Ourense no financiamento destes gastos terá carácter voluntario.
- Para o cálculo das achegas das entidades consorciadas poderán terse en conta as achegas en especie realizadas, tales como cesión de terreos, equipamentos ou prestación de servizos con medios propios de cada administración. En todo caso, o importe das achegas de cada concello determinarase mediante o emprego de criterios demográficos, orzamentarios ou outros de carácter obxectivo que poderán, alternativa ou conxuntamente, ter en conta a capacidade económica de cada municipio, o impacto do custe da prestación do servizo en cada termo municipal sobre o seu custo conxunto ou o financiamento achegado polos contribuíntes de cada municipio.

6. As bases de execución dos orzamentos regularán os prazos en que deben pagarse as achegas das entidades consorciadas. O impago nos ditos prazos habilitará á Comisión Executiva para solicitarlle á Comunidade Autónoma ou ó Estado a solicita-la retención das cantidades endebedadas con cargo á participación dos municipios ou da provincia de Ourense nos ingresos autonómicos ou estatais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

Artigo 17º.-

1. A adhesión e separación de membros do Consorcio tramitarase, en tódolos casos, como unha modificación dos estatutos.

2. Os membros do Consorcio poderán separarse deste en calquera momento, comunicando a súa vontade neste senso previa á Asemblea.

A tramitación e efectos do exercicio do dereito de separación serán os establecidos nos artigos 12 e 13 da Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do sector público.

3. A adhesión de novos membros requirirá solicitude expresa por parte da entidade interesada. No acordo de adhesión, a Asemblea poderá preve-la esixencia do pago dunha achega extraordinaria pola nova entidade, como requisito para recoñecerlle o dereito a participar do patrimonio consorcial en igualdade de condicións co resto de membros do Consorcio.

Artigo 19º

1. O Consorcio poderá disolverse en calquera momento, en virtude de calquera das causas previstas na lexislación vixente, a través do procedemento previsto na Lei de administración local de Galicia.

2. No acordo de incoación do expediente de disolución a Asemblea designará un liquidador que elaborará, no prazo de tres meses, unha proposta de disolución e liquidación, incluíndo as disposicións relativas ó destino que se lle ha de dar ó persoal e á distribución do patrimonio. A dita proposta suxeitarase ao establecido nos presentes estatutos e no artigo 14 da Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do sector público, e someterase a aprobación inicial pola Asemblea, dando comezo ó procedemento de aprobación da disolución. Ata tanto non se aprobe definitivamente o acordo de disolución e liquidación e se publique no Diario Oficial de Galicia, o Consorcio manterá a súa personalidade xurídica.

3. O acordo de disolución poderá apoderar a un o a varios vogais da Asemblea para a execución das operacións liquidatorias necesarias trala disolución do Consorcio, ou delegar ou encomendarlle a súa xestión á Deputación Provincial. En ambos casos, os xestores da liquidación, unha vez executada esta de modo completo, deberán render contas das actuacións levadas a cabo ante unha comisión integrada polos representantes legais das entidades consorciadas.

Artigo 20º.-

A distribución do patrimonio levarase a cabo en proporción ás achegas establecidas, sen prexuízo do dereito preferente dos municipios onde se localicen os inmobles ou instalacións permanentes para optar á súa adxudicación, sempre que se garanta a proporcionalidade no reparto, se é o caso, mediante o establecemento das compensacións económicas precisas.

Os bens de dominio público adscritos ao Consorcio reverterán en todo caso ás administracións públicas ás que lles corresponda a súa titularidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

2º.- Remitirille á Presidencia do Consorcio copia certificada do presente acordo, para a tramitación da súa publicación no DOG e a súa comunicación á Administración Xeral do Estado.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA PEDIR A DERROGACIÓN DA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO, OU, NO SEU DEFECTO, A DEVOLUCIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL.-

Dáse conta da seguinte moción:

“A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local reformou a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poñendo en xaque o municipalismo e o modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos trinta anos.

A reforma exposta priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, así como en sanidade, consumo, igualdade, políticas activas de emprego, etc. A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención ós cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.

Desde o principio, o PSOE opúxose a esta reforma porque ataca e dana á raíz mesma do goberno municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camiño á desaparición ou á privatización dos servizos sociais que prestan os concellos. O texto é, ademais, un ataque á Carta Europea de Autonomía Local. Tamén se opuxeron o resto dos grupos da oposición e alcaldes de toda España, incluídos moitos do PP.

Por iso, os Grupos Parlamentarios Socialista, Esquerda Plural, Unión Progreso e Democracia, e Mixto presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei. O mesmo fixeron algunhas Comunidades Autónomas. Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, presentaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local constitucionalmente garantida. Tanto os recursos como o conflito presentados foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.

Hoxe de novo, reafirmamos o noso compromiso de derrogar esta lei en canto o PSOE chegue ao Goberno. Un dos principais ataques ao municipalismo da LRSAL é un cambio profundo na organización do sistema público dos Servizos Sociais, que afecta a repartición e a relevancia da Administración Local no conxunto das actuacións do Estado, despoñíndoa de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade, e onde é esencial a proximidade para a prestación dos servizos. Calcúlase que cando o 31 de decembro entre en vigor a previsión de cesión das competencias de servizos sociais municipais ás CCAA, máis de 8,5 millóns de cidadáns veranse afectados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

Desta maneira créase unha situación crítica para a continuidade do sistema público de Servizos Sociais en España que se foi construíndo desde os anos 80, sobre a base do marco constitucional, e dos Estatutos de Autonomía. En desenvolvemento do marco constitucional foise consolidando o actual sistema público de Servizos Sociais, baseado na cooperación entre administracións e que permite a aplicación do Plan Concertado de Servizos Sociais.

Esta reforma creba a estrutura xa consolidada e limita extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera "avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social", desnaturalizando por completo o sistema actual.

E isto lévase a cabo nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. 2,8 millóns de nenos, o 33,8 por cento da poboación menor de idade, están en risco de pobreza. A taxa de cobertura por desemprego baixou até deixar desatendidas á metade das persoas en paro, mentres que ter un traballo, xa non garante saír da pobreza en España.

Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral, pero paradoxalmente, o Goberno do PP, no seu afán de reducir a mínimos a protección social, consumou o desmantelamento da Rede Pública de Servizos Sociais de proximidade, con recortes orzamentarios (64% no Plan Concertado) que, ademais de deixar sen protección a miles de cidadáns en plena crise, supuxo a destrución de máis de 10.000 postos de traballo do sector público local. Tamén se marxina aos cidadáns que viven no medio rural ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rendibilidade, e para traspasar ditas competencias directamente ás deputacións provinciais.

En definitiva a LRSAL suporá para millóns de persoas perder a atención social que reciben dos seus Concellos. Por iso, a Xunta de Goberno da FEMP pediu unha moratoria da súa entrada en vigor e a posterior derogación da mesma.

*Por todo o exposto, o Grupo Socialista da Deputación de Ourense somete á consideración do Pleno a presente **MOCIÓN**, solicitando a adopción do seguinte **ACORDO**:*

Dirixirse ó Goberno do Estado para:

- a) Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
- b) Mentres tanto, se comprometa a tramitar, de forma inmediata, unha modificación legislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, reafirmando a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.*

Neste punto prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

Non se producen máis intervencións e ao o obter o voto en contra dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (14), non se adopta o acordo proposto na moción.

11º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA SOBRE A RECUPERACIÓN E MANTEMENTO, NO MELLOR ESTADO POSIBLE, DOS CAMIÑOS DE CARRO DA PROVINCIA DE OURENSE.-

Dáse conta da seguinte moción:

“Os chamados “camiños de carro”, tamén chamados “corredoiras” conforman o sistema viario máis importante do agro galego. Nos tempos en que a meirande parte da poboación vivía no ámbito rural unían os lugares e aldeas entre sí e coas vías públicas principais, e deles derivaban o resto de camiños de servizo de menor categoría viaria. A través deles desprazábanse persoas e animais, e, mediante o carro, elemento tan estudado por grandes etnógrafos, transportábanse toda clase de produtos agrícolas ou relacionados cos cultivos e traballos do campo.

A importancia dos camiños na sociedade tradicional galega ten o seu reflexo na literatura, e tamén no feito de que unha gran proporción dos preitos entre veciños gardaban algunha relación con eles.

Apostamos por recuperar estas vías porque como xa forman parte do dominio público, non formularía problemas xurídicos a súa recuperación, como sería o caso de apertura de novas pistas ou ensanches.

Entendemos que é no só importante senón fundamental a recuperación e mantemento en bo estado deses camiños por varios motivos:

- 1.- Son lugar públicos, e polo tanto a súa boa conservación está xa xustificada atendendo ao dereito xeral e abstracto dos cidadáns ao acceso a lugares públicos.*
- 2.- Moitos camiños teñen valor por estar asociados e acontecementos históricos máis ou menos coñecidos. O coñecemento da súa historia incrementa o seu valor turístico e cultural e o do seu contorno. Convérteos en patrimonio histórico e cultural, e dese xeito estaría xustificada a inclusión total ou parcial dos gastos da súa conservación nas partidas orzamentarias destinadas a eses conceptos.*
- 3.- O patrimonio histórico é fonte de desenvolvemento económico asociado ao turismo mesmo ao chamado “turismo de calidade”. Por esa razón a súa boa conservación xustifica tamén o gasto por este concepto.*
- 4.- A recuperación dos camiños de carro ten tamén a súa importancia desde a óptica da conservación do medio ambiente. Ademais de reducir os riscos de incendio, son “cortalumes naturais” e o seu bo estado permite o acceso rápido e eficaz dos medios de extinción terrestres.*
- 5.- En bo estado dos camiños de carro incrementa o valor económico dos produtos agrícolas, gandeiros e forestais aos que se pode acceder a través deles, ao diminuír os seus custos de acceso e transporte. Na actualidade, o mal estado de moitos deses camiños fai inviable ou moi pouco rendible economicamente moitas explotacións existentes ou potenciais. As axudas económicas á súa conservación poden estar xustificadas tamén se*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

proveñen das partidas destinadas ao apoio ás explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

6.- Os camiños de carro poden ser usados tamén como estrutura viaria para o desenvolvemento de moitos deportes ou afeccións sas unha práctica hoxe en alza: sendeirismo, carreiras campestres, carreiras de orientación, paseos a cabalo, etcétera. Deste xeito, tamén en moitos casos as axudas á súa conservación poden vir das axudas ao deporte.

7.- A actividade cinxética tamén resultaría moi beneficiada coa recuperación de camiños. Nos últimos anos as sociedades de cazadores veñen dedicando unha importante cantidade dos seus recursos na apertura de pistas para poder moverse nos coutos.

8.- Entendemos que nos traballos de recuperación e mantemento teríamos un importante nicho de emprego que contribuiría á fixación de poboación no rural.

En definitiva, poñer en valor o rural.

Por todo elo, Democracia Ourensana, propón na presente moción:

Que a Deputación de Ourense poña en marcha un ambicioso plan para a recuperación e mantemento no mellor estado posible dos camiños de carro da provincia de Ourense, achegándolles aos concellos a axuda económica necesaria para tal fin, con cargo ás partidas orzamentarias que correspondan”.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto once da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións, anunciando o Sr. presidente que o Grupo Socialista presentou unha emenda a esta moción, polo que procede votar en primeiro lugar a emenda que resulta rexeitada ao votar en contra os deputados presentes na sesión do Grupo Popular (14).

A continuación sométese a votación a moción presentada e ao obter o voto en contra dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (14), non se adopta o acordo proposto na dita moción.

12º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que se presentaron catro mocións.

12ªA.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO POR PARTE DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN.-

O Sr. presidente manifesta que en primeiro lugar procede votar a urxencia da moción, pero como non hai ningún representante do BNG que xustifique a urxencia xa non procede votala.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

12ºB.- MOCIÓN DO BNG PARA A PROMOCIÓN DO ANO 2016 COMO ANO DAS IRMANDADES DA FALA.-

O Sr. presidente manifesta que en primeiro lugar procede votar a urxencia da moción, pero como non hai ningún representante do BNG que xustifique a urxencia xa non procede votala.

12ºC.- MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO N.º 8/2015.-

O Sr. interventor accidental explica o contido da moción da Presidencia.

Por unanimidade dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (14) declárase a urxencia da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1ª.- Aprobar a modificación, no que se refire a especificación do capítulo VII de gastos experimentando as seguintes variacións:

Con cargo a aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “ A concellos. Cooperación provincial, prevíase unha subvención ao Concello de Paderne de Allariz para Acondicionamento do camiño aceso o velorio de Solveira de 13.162,46 . Que en escrito do 21 de outubro de 2015, o concello manifesta que non solicitou e que si ten solicitada a subvención e ademais e de maior prioridade para :

- 450.12/762.01 A Concellos. Cooperación provincial :

Beneficiario	Finalidade	Importe
Paderne de Allariz	Adquisición de desbrozadora	13.162,46

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 172.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto o público, tras o anuncio no Boletín Oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

12ºD.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O FINANCIAMENTO DOS CONSERVATORIOS DE MÚSICA DA PROVINCIA.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de novembro de 2015
--

O Sr. presidente manifesta que en primeiro lugar procede votar a urxencia da moción, pero como non hai ningún representante do Grupo Socialista que xustifique a urxencia xa non procede votala.

13°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓN DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de outubro de 2015 e 1º adicional de setembro de 2015.
- Vicepresidencia: 2º adicional de xullo 2015.
- Deputado delegado de Facenda: mes de outubro de 2015 e 2º adicional de agosto e 1º de setembro de 2015.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de outubro de 2015.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de outubro 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación das resolucións mencionadas.

14°.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 10.50 horas do día vinte e sete de novembro do ano dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,